

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E CINCO DE XANEIRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaoito de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 70/11 de don Manuel Adolfo Silva Fernández

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun peche dunha parcela de aproximadamente 65 mts de lonxitude, con base de formigón, postes e arame, no lugar de Argunte, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial nivel IV en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta euros con corenta e catro céntimos (#40,44#)

2.2.- Instancia num. 1.987/10 de don Antonio Fuentes Mosteiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago, expón que con data 10/10/2006 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Paradela (84/2006), e dado que as obras remataron e achegando os documentos preceptivos, solicita que de conformidade co art. 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 , do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se lle conceda a correspondente licenza de primeira utilización

A Xunta de Goberno acorda concederlle a licenza de primeira ocupación e aprobar a liquidación das taxas xa ingresadas na tesoureiría municipal e que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2.3.- Instancia num. 2.028/10 de dona Cristina de la Fuente Castro e don Carlos Camino Brey

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Ponte Ulla, expoñen que con data 27/05/2008 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Caldelas (69/2008), e dado que as obras remataron e achegando os documentos preceptivos, solicitan que de conformidade co art. 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 , do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se lle conceda a correspondente licenza de primeira utilización


A Xunta de Goberno acorda concederlle a licenza de primeira ocupación e aprobar a liquidación das taxas xa ingresadas na tesoureiría municipal e que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros

3º.- Acordo, se procede, sobre expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial

Á vista da reclamación presentada por don Marcelino López Tato, iniciouse o expediente de reclamación por responsabilidade patrimonial por mor dunhas obras executadas polo concello no entorno da finca número 1064 da concentración parcelaria de Sarandón, sita no lugar de Silva de Arriba (San Miguel de Sarandón), consistentes en desmorte para muro de contención para ampliación de vial municipal.

Tendo en conta que se realizaron todos os actos de instrución que son necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos: solicitando informe á empresa que executaba a obra; emitidos informes polos Servizos Técnicos Municipais; concedendo ao reclamante prazo para presentar alegacións.

Téndose recibido os informes solicitados polo órgano instructor, e abríndose o período de audiencia no que non se presentaron alegacións.



A Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO. Recoñecer a don Marcelino López Tato, en calidade de titular da parcela obxecto do expediente a existencia de danos sufridos no ben da súa propiedade polo funcionamento dos servizos do Concello que se atopaban asfaltando un vial municipal e que procedían a realizar un muro de contención, e cuxos danos foron os seguintes: realización de desmorte para ampliación de vial municipal.

Á vista do contido da reclamación e á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais en relación co asunto e no que se confirma a realización dun desmorte que afectou á finca de don Marcelino López Tato na que non existía previamente ningún tipo de cerre; quedando acreditado que o dano producido consistiu en desmorte de finca para muro de contención.

SEGUNDO. A administración procederá, no máis breve prazo, a deixar a finca coma no seu estado orixinal, repoñendo a terra que foi retirada e que formaba sobre a finca un talude natural, para o que se solicitará do titular da parcela a preceptiva autorización para poder entrar na finca en cuestión.

TERCEIRO. Este acordo non será preciso remitilo ao Consello Consultivo de Galicia xa que a valoración das actuacións que proceden para repoñer a finca ao seu estado orixinal é de escasa entidade e non afectan a bens de titularidade da comunidade autónoma.

4º.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas para a adxudicación do contrato de prestación de servizos de axuda no fogar

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcóns técnicas para a adxudicación por procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, do contrato de servizos consistente na prestación dos servizos de axuda no fogar, mediante o acceso por libre concurrencia e para persoas en situación de dependencia.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Xornadas de traballo do Tenente de Alcalde, don José A. Sánchez dende abril a decembro. Importe 475,00 euros

Quilometraxe do Sr. Alcalde don Odón C. Cobas García, do mes de xaneiro. Importe 141,45 euros

Quilometraxe da funcionaria dona Mercedes Pereiras Caldelas nos meses de novembro e decembro. Importe 9,45 euros.

Quilometraxe da traballadora dona Lucía Sevio Barrio durante o mes de decembro. Importe 40,32 euros.



Quilometraxe da traballadora dona M^a Cristina Vilariño Rodriguez durante o mes de decembro. Importe 24,78 euros.

Quilometraxe da traballadora dona Pastora Rendo Rial durante o mes de decembro. Importe 51,66 euros.

Quilometraxe da traballadora dona Cristina Orosa Canicoba durante o mes de decembro. Importe 33,81 euros.

Quilometraxe da traballadora dona Carmen Iglesias Parada durante o mes de decembro. Importe 40,32 euros.

Quilometraxe da traballadora dona Pilar Graña durante o mes de decembro. Importe 26,67 euros.

Quilometraxe da traballadora dona Fina López Carballo durante o mes de decembro. Importe 81,48 euros.

Quilometraxe da educadora familiar dona carmen A. Sabio do mes de xaneiro. Importe 56,70 euros

Quilometraxe do arquitecto municipal don Fernando Faya dende setembro a xaneiro. Importe 47,88 euros

Fondo social do traballador don José I. Munín Castelao (gastos médicos), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 135,00 euros

Fondo social da traballadora social dona Ana M^a. Aldrey (oftamoloxía), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 334,50 euros

Fondo social da traballadora social dona Ana M^a. Aldrey (odontoloxía), segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 37,50 euros

Asistencias á Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato de alleamento da parcela 785-B. Importe 122,03 euros

Factura num. 01/C-03/2011 de don Delio Sánchez Lojo por clases de debuxo e pintura no mes de xaneiro. Importe 236,00 euros

Factura num. 11-A/1767 de Sistemas de Seguridade A-1 por mantemento alarma no Museo Modesto Paz Camps. Importe 273,98 euros

Factura num. 11-A/1766 de Sistemas de Seguridade A-1 por conexión central do sistema de alarma no Museo Modesto Paz Camps. Importe 305,25 euros

Axudas de custo de dona María Dolores Sintas por impartición de taller de memoria no centro da terceira idade no mes de xaneiro. Importe 149,60 euros

Factura num. SPA/5659/2011 por concerto prevención integral e vixilancia da saúde. Importe 340,21 euros



Factura num. 2011001 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeado público no mes de decembro. Importe 2.301,06 euros

Recibo 0092007931 de Siemens Renting, SA por aluguer da copiadora da planta baixa da Casa do concello no mes de decembro. Importe 558,32 euros.

Factura núm. 38 de Panadería Raviña por pinchos para a casa da terceira idade no mes de decembro. Importe 226,25 euros.

Factura núm. 2010/000523 de Aguardientes de Galicia, SA por compras feitas no mes de decembro. Importe 70,94 euros.

Factura núm. D00538 de Hierros Diego, SL por compras feitas no mes de decembro . Importe 290,43 euros.

Factura núm. 94008357 de Fornecementos Galegos, SL (FOGA) polas copias realizadas nos meses de novembro e decembro. Importe 1.074,37 euros.

Factura núm. 010001623 de Puente Ulla, SL por carburantes no mes de decembro. Importe 1.589,94 euros.

Factura núm. 30 8431 e 30 8622 de Ulla Oil, SL por gasóleo de calefacción para a Casa do Concello no mes de decembro . Importe 1.092,00 euros.

Factura núm. 21111413 de A.C. Medín, SA, Mercedes Benz, por arranxos realizados no mes de decembro. Importe 30,73 euros.

Factura núm. 4000647678 de Correos y Telégrafos, SA polo franqueo pagado do mes de decembro. Importe 373,05 euros.

Recibo de Adolfo Paz Camps polas clases de canto da coral no centro da terceira idade durante o ano 2010. Importe 2.962,70 euros.

Facturas de Gas Natural SUR, SA por subministro eléctrico nos alumeados públicos no mes de novembro de 2010. Importe 13.256,18 euros

Facturas de Gas Natural SUR, SA por subministro eléctrico nos locais municipais no mes de novembro de 2010. Importe 1.343,48 euros

Factura num. 2011/004 de Xestedec por creación de stand para a promoción turística de Vedra para a Feira do Viño de 2010. Importe 2.591,19 euros

Factura num. 7 de Gabrat, S.L por mantemento herba artificial nos campos de fútbol municipais. Importe 2.832,00 euros

Factura num. 03/2011 de Fernando García Silva por carteis para licenzas de obras maiores, a repercutirille aos promotores. Importe 454,30 euros



Factura num. 1000002 de Mario Rodríguez Feijoo por bandexas para o festival de corais. Importe 101,48 euros

Facturas nums. 0686/E10, 0687/E10, 0685/E10 e 0658/E10 de Talleres San Fins, S.L por arranxos e respostos para a maquinaria municipal no mes de decembro. Importe 675,87 euros

Factura núm. 207 de Pereira y Sánchez, SL por arranxos na Gardería Municipal no mes de decembro. Importe 29,50 euros.

Facturas núm. 29610E, 41510E, 41410E, 41610E e 82010E de Electro Bermúdez por compras varias realizadas de febreiro a decembro de 2010. Importe 258,43 euros.

Facturas núm. 71, 72 e 73 de Rosa María Pérez Sande por compras varias realizadas na Librería Avenida de xullo a outubro de 2010. Importe 543,31 euros.

Factura núm. 08/49 de José María Freiría Suárez pola limpeza dos cristais da gardería municipal no mes de decembro. Importe 82,60 euros.

Factura núm. 041 de Cruceiro da Ulla, SL por comida de fin de ano dos traballadores. Importe 1.206,80 euros.

Factura núm. 5626201068000851 de PROBISA por material para as obras no mes de decembro. Importe 2.016,38 euros.

Factura núm. 2010372, 2010373, 2010374, 2010375, 2010376, 2010377 e 2010378 de Electricidad Cruceiro, SL por varios traballos realizados de setembro a decembro. Importe 4.080,60 euros.

Recibos polos servizos de taxi aos centros de saúde e polo baleirado de fosas durante o ano 2010. Importe 2.507,19 euros.

Factura núm. 2199 de Asvetrans, S. Coop. Galega por varios transportes realizados no mes de decembro. Importe 306,80 euros.

Factura núm. 20100171 de Manuel Botana Granja por compras varias no mes de decembro. Importe 153,59 euros.

Factura núm. 012/18 de Alquimao, SL por aluguer de materiais no mes de decembro. Importe 9,44 euros.

Factura núm. 446/10 de Talleres y Repuestos Barco, SL por varios traballos realizados no mes de decembro. Importe 138,18 euros.

Factura núm. 124/10 de Reparaciones Sinde, SL por traballos realizados nos meses de novembro e decembro. Importe 758,39 euros.

Factura núm. 012/4 de Pazos y Vieiro, SL por compras do mes de decembro. Importe 86,90 euros.



Factura núm. 15/10 de Fundación Refuxio de Animais pola cota correspondente ao segundo cuatrimestre do 2010. Importe 2.917,60 euros.

Facturas núm. 98, 99, 100, 101 e 102 de José García Pernas por varias compras de decembro. Importe 908,31 euros.

Factura núm. 2010/4018 de SOGAMA, SL polo tratamento dos residuos sólidos do mes de decembro. Importe 8.076,48 euros.

Factura núm. 51954/A de Exclusivas Varela Vigo, SL por compras de caramelos para a campaña dos Reis Magos. Importe 65,45 euros.

Factura núm. 301031 de Artes Gráficas Litonor pola impresión dos boletíns do mes de decembro. Importe 510,00 euros.

Abono núm. 1 de Miguel Camino Bouzón por traballos realizados no pavillón no mes de xullo. Importe -310,34 euros.

Factura núm. 117 de Jaime Gómez Souto y Otro, SC por reparacións feitas no Punto Limpo no mes de outubro. Importe 470,73 euros.

Factura núm. 10-01323 de SAPA CONT. Y SERV. SL por alquiler de contenedores no mes de decembro. Importe 216,00 euros.

Factura núm. 215 de José Manuel Segade Martínez por traballos realizados no mes de decembro na casa da terceira idade. Importe 547,52 euros.

Factura núm. 586 de Juan Manuel Gaiteiro Moure por varias compras de material pirotécnico no ano 2010. Importe 495,60 euros.

Factura núm. 10/000378 de MAPOCA, SL por varias compras realizadas o mes de decembro para o campo de fútbol de San Mamede. Importe 71,45 euros.

Facturas núm. F-030/2010 e F-023/2010 de Severo Carrillo Domínguez por compras de auga para o Colexio de Santa Cruz e cestas de nadal. Importe 3.387,96 euros.

Factura núm. 16/2010 de Obradoiro de Cultura Tradicional "ULTREIA" pola actuación na Festa do Viño de 2010. Importe 1.200,00 euros.

Factura núm. A 44 de Manuel Núñez Rúa, por compras realizadas en decembro. Importe 1.266,57 euros.

Factura núm. A/95 de Instalaciones y Reparaciones Vazquez, SC por arranxos no aire acondicionado no mes de decembro. Importe 185,26 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

6º.- Resolucións da Alcaldía



6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaioito de xaneiro do ano que andamos, pola que se en relación co expediente instruído por mor de denuncia presentada para que don Manuel Cabo Silva proceda a corta de ramas de árbores que invaden un vial municipal, acórdase deixar sen efecto a execución subsidiaria prevista ata que se realice a pertinente comprobación dos actos requiridos.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de xaneiro do ano que andamos, pola que se lle autoriza a productora Telespan 2000 e Vaca Films o corte do tráfico da vía municipal nº 45 dende o lugar de Cornado ata o seu enlace coa AC-8203 e máis tres pistas secundarias o día 21/01/2011 dende as 18:00 - 07:00 horas con motivo dunha largometraje, sempre e cando se adopten as medidas de sinalización e seguridade, así como a liquidación da taxa por rodaxe cinematográfica en vías públicas

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7º.- Outros asuntos

Non se presentan

Conclúe ao fin das vinte e dúas horas e trinta minutos

